



CONSELLO SOCIAL  
Universidade de Vigo

## **PUBLICACIÓNS DO CONSELLO SOCIAL: NORMAS BÁSICAS**

*Aprobadas na Comisión de Actividades e Servizos do 11 de febreiro de 2014.*

1. A obra a editar debe contribuír a transmitir e desenvolver a cultura e o saber dende calquera perspectiva do coñecemento. Ten que estar baseada nun traballo rigoroso e de claro interese social, académico ou científico en caso de estar dirixida a un sector determinado.
2. Teranse en especial consideración:
  - As publicacións que faciliten a inserción laboral dos alumnos, así como a súa formación científica, cultural ou humanística, así como o emprendemento ou o mecenado.
  - As que contribúan ao mellor coñecemento e colaboración entre a universidade e o sector produtivo, ou entre a universidade e a sociedade.
  - As que estimulen a investigación e a transferencia entre universidade, empresas e tecido social, así como a difusión dos resultados.
3. Quedarán excluídas –salvo excepcións xustificadas– as obras de carácter científico (teses, monografías ou manuais) por ser labor do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
4. Para cada solicitude de patrocinio presentaranse un mínimo de dous orzamentos de diferentes empresas e será imprescindible o aval dun profesor ou experto externo sobre a calidade ou singularidade do traballo presentado para a súa publicación. Valorarase así mesmo con carácter preferente o emprego do idioma galego nas publicacións, salvo excepcións que puideran considerarse atendendo ao destinatario da edición ou ao idioma orixinal no que estea escrito.
5. As publicacións patrocinadas deberán recoller na cuberta principal o logo do Consello Social, de xeito visible e individualizado. Así mesmo, e no caso de que o volume da publicación o permita, deberá figurar o logo no lombo do libro. Na páxina de créditos deberá figurar a participación do Consello Social, ben como editor –se fose o caso–, ben como patrocinador –se esta fose a fórmula elixida–. Contemplantase en cada caso a posibilidade de incorporar unha presentación ou prólogo a cargo do presidente do Consello Social ou calquera outro membro que se estime.
6. De cada iniciativa editorial solicitaranse un determinado número de exemplares para uso do Consello Social, atendendo á tirada total e o interese da temática tratada. A recepción deberá producirse con antelación ao pago da axuda.
7. No caso de axuda continuada a sucesivas edicións ou números dun proxecto editorial, as achegas reduciranse en cada ocasión un 20 % respecto á última cantidade concedida.